



DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: contratación de don Martin Reboredo Orgeira (***4357**) ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (procedemento TR350E)

EXPEDIENTE: 2025/E001/000010

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000579

Tendo en conta que por resolución do secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración se concedeu a ese Concello unha axuda de 16.380,09€ para a contratación durante nove meses dun/ha auxiliar administrativo/a ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aprobaron as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027.

Visto que a mencionada Orde establece no seu artigo 40.5) que a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais elaborará unha instrución informativa para facilitar a selección das persoas candidatas.

Tendo en conta que dita instrución establece que *“Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas”*.

Así mesmo, na mesma instrución establécese que *“Poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal de persoas candidatas, sempre que as persoas candidatas cumpran os requisitos establecidos na Orde da convocatoria”*.



Logo de que este Concello cursase oferta de emprego especial con vinculación nominal ao Servizo Público de Emprego e se recibise resposta vinculando a don Martin Reboredo Orgeira á oferta número 12/2025/11097.

Acreditado que don Martin Reboredo Orgeira non traballou nin recibiu ningunha acción formativa e/ou educativa no día inmediatamente anterior ao da contratación, constando como desempleado e inscrito no Sistema nacional de garantía xuvenil, este presentou no departamento de Recursos Humanos documentación precisa para proceder a súa alta (número de afiliación da Seguridade Social, DNI e certificado de conta bancario).

Por todo isto, ao abeiro do informe emitido pola técnica xurídica o 14 de novembro de 2025 relativo aos custos salariais da persoa a contratar e do informe da intervención municipal do 19 de novembro de 2025 onde se fiscaliza de conformidade a contratación de persoal citada e se informa da existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións 2025.920.13100 e 2025.920.16000 é polo que, en uso das facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Proceder, con data do vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, á contratación de don Martin Reboredo Orgeira (***4357**) como auxiliar administrativo, durante nove meses, a xornada completa, de acordo coa axuda concedida a este Concello ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e cos informes emitidos polos servizos municipais.

SEGUNDO.- Formalizar o correspondente contrato temporal, un contrato 406 segundo establece as instrucións da propia orde, e convocar ao seleccionado para que se presente para asinar o mesmo e incorporarse ao seu posto de traballo, así como publicar unha copia deste decreto no taboleiro do Concello coa indicación de que este acto pon fin á vía administrativa e que as persoas interesadas poderán interpoñer contra del recurso de reposición perante esta alcaldía no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano e no prazo indicado na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición



CONCELLO
DE CARRAL



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

contencioso-administrativa.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Persoal para a formalización da contratación e ao pleno municipal.

Concello de Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

José Luís Fernández Mouriño

Dou fe, a secretaria acumulada

Eva Jardón López